

ANEXO III

2023/CP/216

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: PID2020-113230RB-C21		
Título: Modelos multitarefa de etiquetado secuencial para o recoñecemento de entidades enriquecido con información lingüística: sintaxe e integración multitarefa		
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Procesamento da Linguaxe Natural		
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/09/2021	FIN: 31/08/2024
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Informática		
OBJECTO DO CONTRATO: colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica. Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.		
LUGAR E HORARIO: CITIC, de luns a venres, de 9:00 a 13:00		
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: grupo 1		
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)		
Investigador/a asociado/a ☐	Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☒	Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐	Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒ DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/11/2023
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido ☒	Duración determinada ☐ DATA FIN CONTRATO:
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 910€*		
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0508210915.541A.6490200		

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Enxeñeiro, licenciado, graduado ou equivalente
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Titulares: Carlos Gómez Rodríguez, Margarita Alonso Ramos, David Vilares Calvo. Suplentes: Olga Zamaraeva, Jesús Vilares Ferro
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprarán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, de de
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Carlos Gómez Rodríguez

GOMEZ
RODRIGUEZ
Z CARLOS -
44839041N

Firmado
digitalmente por
GOMEZ RODRIGUEZ
CARLOS -
44839041N
Fecha: 2023.08.16
10:18:09 +02'00'

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A Universidade da Coruña ofrece un contrato de investigación na área de Procesamento da Linguaxe Natural (PLN). A persoa seleccionada terá a oportunidade de traballar nas áreas de predición estruturada, concretamente, en análise e recoñecemento de entidades nomeadas (NER) con énfase no uso de sistemas incrementais. O candidato seleccionado traballará con ferramentas de aprendizaxe automática, aprendizaxe profunda e PLN.

Tarefas

Axudar e apoiar ao equipo de investigación do proxecto nas seguintes tarefas: (i) implementar analizadores incrementais, (ii) aproveitar os resultados xerados en problemas de recoñecemento de entidades nomeadas, (ii) avaliar con conxuntos de datos estándar para a tarefa de recoñecemento de entidades nomeadas, (iv) analizar e comparar os resultados cos enfoques existentes.

Criterios de avaliación

- A. **Nota expediente académico: máximo 2 puntos.** Valoraranse expedientes de Graos en Enxeñaría Informática, Ciencia e Enxeñaría de Datos, Intelixencia Artificial ou equivalentes. Valorarase a partir dunha puntuación mínima de 5 sobre 10 mediante interpolación lineal, asignando un total de 0,5 puntos a unha puntuación de 5, e de 2 puntos a unha puntuación de 10. Valoraranse os expedientes procedentes de fora de España coa táboa de equivalencias do Ministerio de Educación. As titulacións non relacionadas coa área de investigación do proxecto valoraranse en todo caso con 0 puntos.
- B. **Traballo fin de grao directamente relacionado coa temática do traballo: máximo 1 punto.** Concederáse 1 punto a un traballo fin de carreira relacionado clara e directamente co contido da praza, 0,5 puntos a un traballo final claramente relacionado co tratamento da linguaxe natural e 0 puntos no resto dos casos.
- C. **Experiencia científica demostrable en temas directamente relacionados co proxecto: máximo 0,25 puntos.** 0,25 puntos por cada artigo aceptado nunha revista revisada por pares ou conferencia científica directamente relacionada co procesamento da linguaxe natural e de interese para o proxecto.
- D. **Premios de excelencia: máximo 1 punto.** Ata un máximo de 0,5 puntos para os premios de excelencia de fin de grao, os premios ao mellor expediente académico anual da titulación ou outros premios de excelencia académica competitivos. Ata 0,25 puntos por outros recoñecementos oficiais no ámbito das tarefas a desenvolver durante a contratación.
- E. **Entrevista persoal: máximo 1,25 puntos.** Valorarase a adecuación do CV do candidato ao posto e a súa capacidade para acadar os obxectivos do proxecto no prazo estipulado. Parte da entrevista será en inglés.

Se ningún candidato obtén unha puntuación igual ou superior a 2,75, o posto quedará vacante.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*